



## Vieiros

FERROL

Vieiros Ferrol  
Desde o 19/01/98.  
Correo de [contacto](#)

### Foro

A sección onde deixares as [túas opinións](#), comentarios ou suxestións e debater con outros internautas.

### Cinema

Consulta os [filmes](#) que se están a proxectar en Ferrol na páxina da Carteleira Galega na Internet.

### Avenda

Cinema, teatro, deportes, exposicións... o que [está a pasar](#) na cidade.

### A man

A [información](#) precisa para ter á vista: farmacias de garda, teléfonos e enderezos de interese, etc.

### As webs de aquí

Consulta no [directorio de Vieiros](#) as páxinas ferrolás ou que falan sobre Ferrol.

[Portada de Edición](#)

[Preparar impresión](#)

[Enviar esta noticia](#)

[Opinións / Comentarios](#)

## Nace Retagarda Edicións

Unha nova editorial só en soporte dixital. En disquete, cun baixo custo e na busca da difusión da literatura galega. Así nace Retagarda Edicións, un proxecto sen finalidade lucrativa, que para a súa estrea elexiu as obras *Ícaro*, *O libro dos cans* e *Os veos da paisaxe*. A presentación terá lugar na Galería Sargadelos, o venres ás oito do serán.

Retagarda Edicións escolle o disquete como soporte para as súas obras, xa que son conscientes do retraso existente no mundo dixital galego. Ademais, permítelles cubrir a demanda cun custo mínimo. O importante neste caso non é a finalidade lucrativa, senón contribuír á consolidación do proceso de normalización lingüística e literaria.

Para acadar os seus obxectivos, comezan coa presentación das poeas de Estevo Creus (*O libro dos cans*), Rafa Villar (*Ícaro*) e Eduardo Estévez (*Os veos da paisaxe*). O nacemento da editorial terá como escenario a Galería Sargadelos, no serán deste venres 12 de xaneiro.

A obra de Villar é a segunda edición dun libro que, a través do mito clásico, presenta uns poemas que sitúan ao individuo como centro da existencia.

*O libro dos cans*, de Estevo Creus, é unha historia de tintes case surrealistas, que ten como fondo unha casa, da que mesmo se ofrecen os planos.

Pola súa banda, Eduardo Estévez presenta unha obra intimista, que recolle a tradición dos haikus xaponeses para facer composicións sobre a paisaxe.

### Outras noticias:

- [Volve o OAR](#)
- [Moeche tamén quere o cabalo \(sen Franco\)](#)
- [Escepticismo e dúbida no BNG ante o porto exterior](#)
- [As asociacións empresarias vanse para Punta Arnela](#)

### Noticias anteriores

[Edición anterior](#) | [Últimos 7 días](#)

[Envíanos unha noticia](#)